


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

FAGOT.

GRAO ELEMENTAL e PROFESIONAL.



CONSERVATORIO DE MUSICA DE OURENSE

PROFESORA: M^a VICTORIA FOLGADO GARCIA.

0. INTRODUCCIÓN.

A presente Programación Didáctica ha sido elaborada para o alumnado de Fagot que estuden tanto o Grao Elemental como o Grao Profesional, así como tamén os que estuden o último ciclo de Grao Medio (LOGSE): inclúe Obxectivos, tanto Xerais como Específicos, Contidos, Avaliación, Probas de Acceso (obras propostas), Recursos Materiais e Actividades.

A normativa legal que rixe esta Programación Didáctica é a seguinte:

1. **Ley Orgánica de Educación (LOE) 2/2006 del 3 de Mayo.**
2. **Real Decreto 1577/2006 polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música.**

Este Real Decreto ha sido desenvolvido en Galicia pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través dos seguintes decretos de currículo:

3. **Decreto 198/2007, do 27 de Setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOGA. nº 207).**
4. **Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOGA. nº 211).**
5. **Circular 11/2006 de la Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da Xunta de Galicia**, pola que se dictan instrucións para a organización e o funcionamento dos Conservatorios de Música dependentes da Consellería de Educación.

GRAO ELEMENTAL

PRIMEIRO CURSO.

1. OBXECTIVOS XERAIS.

O Primeiro Curso do Grao Elemental das ensinanzas de música, contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- | |
|---|
| a) Descubrir a importancia da música como linguaxe artística. |
| b) Expresarse con sensibilidade musical en calquera interpretación musical. |
| c) Descubrir a importancia da respiración nos instrumentos de vento para unha correcta interpretación musical. |
| d) Descubrir a importancia da relaxación muscular para unha correcta interpretación musical. |
| e) Identificar nas obras instrumentais coñecementos da Linguaxe Musical aplicandoos correctamente. |
| f) Valorar a importancia de interpretar música para outras persoas. |
| g) Valorar a importancia de interpretar música con outras persoas. |
| h) Apreciar a importancia do traballo individual en calquera ensinanza. |
| i) Apreciar a importancia do silencio na práctica musical. |

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

A ensinanza do Fagot no Primeiro Curso de Grao Elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

| |
|--|
| a) Descubrir a necesidade dunha posición corporal correcta para unha adecuada iniciación instrumental. |
| b) Descubrir a importancia no control da respiración e a formación da embocadura para a adquisición de coñecementos técnicos básicos. |
| c) Descubrir a importancia da calidade sonora e da afinación. |
| d) Ser conscientes das posibilidades sonoras do Fagot. |
| e) Valorar a importancia do control da columna de aire para unha correcta sonoridade e afinación. |
| f) Valorar a importancia da emisión estable do son e dos diferentes matices. |
| g) Coñecer a montaxe e fabricación das lingüetas. |
| h) Iniciar á interpretación de obras adecuadas ó nivel programado no curso. |

3. CONTIDOS.

A ensinanza do Fagot no Primeiro Curso de Grao Elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos/as os seguintes contidos:

| |
|---|
| 1. Iniciación na práctica da relaxación e respiración. |
| 2. Comprensión e iniciación da utilización dos músculos faciais. |
| 3. Apreciación da importancia e realización dos exercicios de respiración con e sen Fagot. |
| 4. Iniciación no desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a obtención dun bo son. |
| 5. Estudo de escalas e intervalos dentro do nivel esixido. |
| 6. Iniciación teórica e práctica na emisión do sonido coas diversas dinámicas. |
| 7. Iniciación práctica sobre o desenvolvemento da flexibilidade en saltos e articulacións. |
| 8. Iniciación na práctica de conxunto con outros instrumentos. |
| 9. Iniciación e comprensión do importante papel da Memoria Musical. |
| 10. Concienciación da importancia da adquisición gradual de hábitos correctos de estudo. |
| 11. Iniciación teórico-práctica da primeira vista. |
| 12. Descubrimento da importancia da estrutura musical en calquera tipo de música. |

4. REPERTORIO DE ESTUDO.

4.1. Técnica xeral do instrumento.

1. Características propias do Fagot: partes que o compoñen, conservación e mantemento.
2. Aprender a montar e desmontar o Fagot.
3. Coñecemento sobre a suxección e posición correcta do instrumento. Colocación correcta da embocadura.
4. Coñecementos básicos sobre o funcionamento do Sistema Respiratorio: Posición corporal correcta. Exercicios con e sen Fagot. Coñecementos Básicos sobre o coidado e conservación diaria tanto do Fagot coma das lingüetas.
5. Adquisición de coñecementos básicos da dixitación, afinación e calidade sonora.
6. Práctica do picado e do legato coa lingüeta soa e xunto co Fagot. Práctica de exercicios de pronunciación.
7. Desenvolvemento da flexibilidade básica: intervalos de 2ª maior. Práctica de escalas. Cromática de Mi grave a Do agudo e escalas diatónicas en Do, sol e fa maior, no ámbito dunha escala.
8. Práctica de ritmos e melodías improvisadas en grupo.
9. Práctica da Clave de Fa.

4.2. Métodos de estudo.

- **Peter Wastall. Aprende tocando el fagot.**

Unidades da 1 ata a 8 coas súas pezas de concerto.

- **Julios Weissenborn. Método Práctico.**

- **Exercicios básicos e progresivos aportados polo profesor.**

1º) Coa lingüeta soa.

2º) Co Fagot(primeiras notas,etc., escalas, intervalos,..).

4.3 Obras de estudo con Piano.

| AUTOR | OBRA |
|-------------------|--|
| J.BURNES | Four Easy Bassoón Pieces. 1. Slow Waltz. 5.Allegro |
| Rory BOYLE. | Little Suite. Bassoon and piano. 1.Prelude. |
| Album for Bassoon | Pezas de Adam Gorb e Bell Ringer. |
| Ronald Hanmer | Bassoon Bagatelles |
| Peter Wastall | Pezas con piano: 1. Serenade.....A.Diabelli. 2. Coro.....Gluck. 3. Pequeña Elegía..K.R. Cole. 4. Andante.....C. Gurlitt. |

. Execución de improvisacións rítmicas, dinámicas e melódicas sobre estruturas propostas polo profesor, adecuadas ó nivel do alumno.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os Criterios que permitirán a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos de Primeiro de Grao Elemental son:

- 1. Iniciar á interpretación de pequenos fragmentos adecuados a primeira vista.**
- 2. Interpretar fragmentos musicais de memoria coidando a medida, a articulación e o fraseo.**
- 3. Interpretar pequenos estudos o fragmentos de diversos estilos musicais.**
- 4. escoitar obras para descubrir as súas características musicais.**
- 5. Aplicar á interpretación o traballo individual.**
- 6. Interpretar en público obras programadas para o curso.**
- 7. Exercitarse con responsabilidade na interpretación en grupo escoitando a propia voz e acoplándoa ós demais.**

5.2. CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN.

Os alumnos/as de Fagot no Primeiro Curso de Grao Elemental deberán amosar a adquisición dos seguintes criterios mínimos para a avaliación positiva:

1. Interpretar una Peza de Concerto de entre as propostas para este curso seguindo as instrucións traballadas e acordadas en clase.

2. Interpretar pezas con outros compañeiros/as (dúos, tríos, etc) demostrando interese e compañerismo seguindo as indicacións traballadas en clase.

3. Presentar o traballo diario semanal proposto cun nivel de estudo razoable.

4. Compir co horario das asignaturas e asistir as clases.

5. Amosar atención, interese e respecto ao profesorado e o resto de compañeiros/as.

SEGUNDO CURSO.

1. OBXECTIVOS XERAIS.

O Segundo Curso do Grao Elemental das ensinanzas de música, contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

| | |
|----|--|
| a) | Valorar a importancia da música como unha linguaxe propia. |
| b) | Desenvolver a sensibilidade como músico na interpretación de obras musicais de diferentes épocas. |
| c) | Valorar o control da respiración e do corpo para unha correcta interpretación musical. |
| d) | Acadar a relaxación muscular e aplicar o esforzo físico necesario na interpretación musical. |
| e) | Coñecer nas obras do propio instrumento elementos da escritura musical para a correcta interpretación instrumental. |
| f) | Desenvolver o acto de interpretar en público, afianzando os aspectos musicais e técnicos. |
| g) | Desenvolver o acto de interpretar música con outros compañeiros/as. |
| h) | Considerar o traballo individual como imprescindible na formación musical. |
| i) | Transmitir día a día a importancia do silencio no ambiente de estudio cotiá. |

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

A ensinanza do Fagot no Segundo Curso terá como obxectivo desenvolver nos alumnos/as as seguintes capacidades:

| |
|---|
| a) Profundizar na correcta posición do corpo que permita respirar con naturalidade e adquirir progresivamente unha correcta posición do instrumento. |
| b) Desenvolver mediante unha correcta respiración e unha adecuada embocadura principios básicos da interpretación instrumental. |
| c) Adquirir progresivamente os mecanismos necesarios para unha correcta sonoridade e afinación das notas. |
| d) Aplicar as posibilidades sonoras do instrumento en calquera interpretación programada no curso, individual ou colectiva. |
| e) Aplicar o control da columna de aire e da educación do oído para acadar calidade sonora e correcta afinación. |
| f) Conseguir progresivamente unha emisión estable do son na extensión programada no curso e usando diferentes matices. |
| g) Coñecer os procesos de montaxe e fabricación das lingüetas. |
| h) Ampliar o repertorio mediante a interpretación de obras adecuadas ó nivel programado no curso. |

3. CONTIDOS.

A ensinanza do Fagot no Segundo Curso de Grao Elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos/as os seguintes contidos:

| |
|---|
| 1) Práctica de exercicios de relaxación e respiración. |
| 2) Práctica de exercicios para o fortalecemento dos músculos faciais. |
| 3) Desenvolvemento de exercicios de respiración con e sen instrumento (notas tenidas controlando a calidade do son e dosificación do aire). |
| 4) Desenvolvemento da capacidade auditiva para o perfeccionamento da calidade do son. |
| 5) Continuación sobre a práctica de intervalos e escalas controlando a emisión do aire. |
| 6) Práctica de exercicios de emisión do son con diferentes dinámicas. |
| 7) Continuación práctica sobre a flexibilidade nos saltos e articulacións. |
| 8) Continuación na práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, axuste e precisión rítmica. |
| 9) Desenvolvemento da memoria musical en exercicios progresivos. |
| 10) Aplicación de axeitadas técnicas de estudo na interpretación musical diaria. |
| 11) Desenvolvemento práctico en fragmentos musicais da lectura a primeira vista. |
| 12) Comprensión das estruturas musicais básicas das obras traballadas no curso. |

4. REPETORIO DE ESTUDO.

4.1. Técnica xeral do instrumento.

- 1.Práctica de exercicios progresivos para a formación e desenvolvemento da embocadura coa lingüeta e co Fagot.
- 2.Exercicios coa lingüeta, con e sen fagot, para a emisión do son.
- 3.Exercicios para o afianzamento das posicións novas e profundizar as xa coñecidas.
- 4.Desenvolvemento da sensibilidade auditiva mediante a audición de obras en directo ou grabacións de obras.
- 5.Práctica das dinámicas nas obras e estudos combinando os termos p, mf, e f,seguno sexa o nivel de cada alumno/a.
- 6.Práctica da escala cromática do Do grave ou sib ata la agudo.
- 7.Práctica de escalas diatónicas e intervalos de 2ª e 3ª .DoM, FaM, SolM, SibM e ReM coas súas relativas menores.
- 8.Exercicios de figuras rítmicas.
- 9.Adquisición do hábito de estudo cotiá.

4.2 Métodos de Estudo.

. *Aprende tocando el Fagot.PWastall.*

Unidades de 9 ata a 16 coas pezas de concerto.

. *Método Práctico.J.Weissenborn.*

Unidades da II ata VIII.

4.3 Obras de estudo con Piano.

| AUTOR | OBRA |
|----------------------|---|
| Rory Boyle | Little Suite : Burlesque e berceuse |
| J. Burness | Four easy bassoon pieces: Romance e Philippas Tune. |
| Claude-Henry Joubert | Cinq Pieces Faciles : Prelude e sarabande. |
| M. Rose | A miscellany for Bassoon: Hornpipe. |
| H.T.Paine | The Happy Hunter. |
| R. Schumann. | The Happy farmer |
| R. Hanmer | Bassoon Bagatelles: Wlaking tune e Postlude. |
| J. Weissenborn. | Fünf Kleine Stücke. Moderato e allegro. |

4.4. Clase Colectiva: obras de estudo.

Cinq petite Duos.D.Ouzounoff.

Dúos de Julius Weissenborn.

5. AVALIACIÓN.

5.1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN.

Os Criterios que permitirán a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos/as neste curso son:

| |
|---|
| 1. Interpretar a 1ª vista obras axeitadas ó curso. |
| 2. Mellorar a práctica da memoria e interpretación de textos musicais controlando a afinación, articulación, medida e fraseo axeitado. |
| 3. Estudar obras de diferentes estilos axeitados ó curso e ó nivel do alumno/a. |
| 4. Identificar os aspectos máis importantes mediante a audición de obras. |
| 5. Saber aplicar ó estudio individual na interpretación. |
| 6. Interpretar en público como solista e de memoria, controlando a situación. |
| 7. Interpretar en grupo demostrando a capacidade de tocar ou cantar a súa propia voz ó mesmo tempo que escoita ós demais. |

5.2. CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN.

Os alumnos/as de Fagot no Segundo Curso de Grao Elemental deberán amosar a adquisición positiva dos seguintes criterios mínimos de avaliación:

| |
|---|
| 1. Interpretar <u>Dos Pezas de Concerto</u> de entre as propostas para este curso seguindo as instrucións acordadas en clase. |
| 2. Interpretar pezas con outros compañeiros/as(dúos,tríos,etc) demostrando interese e compañerismo seguindo as indicacións traballadas en clase. |
| 3. Presentar o traballo diario semanal proposto cun nivel de estudo aceptable. |
| 4. Tocar de memoria as escalas propostas para o curso tanto as maiores como as menores dentro do rexistro traballado. |
| 5. Comprir co horario e asistir as clases. |
| 6. Amosar atención, interese e respecto ao profesorado e o resto de compañeiros/as. |

TERCEIRO CURSO.

1. OBXECTIVOS XERAIS.

O Terceiro Curso do Grao Elemental das ensinanzas de música, contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

| |
|---|
| a) Valorar a importancia da música como linguaxe e medio de expresión na vida das persoas. |
| b) Enriquecer a interpretación musical expresándose con sensibilidade musical e transmitir a outras persoas a importancia da música. |
| c) Coñecer os mecanismos de control do propio corpo e da respiración para a mellora instrumental e da calidade musical. |
| d) Mellorar a relaxación muscular buscando un equilibrio corporal que permita un axeitado control na interpretación musical. |
| e) Saber interpretar correctamente os elementos da escritura instrumental aplicando los coñecementos musicais adquiridos. |
| f) Interpretar música en público dunha maneira natural e como un acto enriquecedor. |
| g) Apreciar o acto de interpretar música en grupo como medio enriquecedor para todo músico. |
| h) Demostrar cada vez máis o traballo individual adquirido valorándolo na súa medida. |
| i) Aplicar o silencio na interpretación musical, valorando o beneficio que supone. |

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

A ensinanza do Fagot no Terceiro Curso de grao elemental, terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos/as as seguintes capacidades:

| |
|---|
| a) Descubrir a importancia dunha posición correcta do corpo para unha correcta respiración e manejo do instrumento. |
| b) Potenciar a adquisición de coñecementos básicos mediante o control de respiración e a formación da embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación das notas e a calidade do son. |
| c) Potenciar a adquisición dos coñecementos para un mellor control e calidade no son, como tamén a afinación. |
| d) Desenvolver todas as posibilidades sonoras do instrumento, tanto na interpretación individual como de conxunto. |
| e) Desenvolver a calidade sonora e correcta afinación, mediante o control da columna de aire e da educación do oído. |
| f) Desenvolver unha emisión estable do son na extensión do instrumento, coñecer o uso do vibrato e desenvolver o uso dos diferentes matices para enriquecer a interpretación. |
| g) Visualizar a montaxe e fabricación das lingüetas e coñecer o proceso de raspado para o seu correcto funcionamento. |
| h) Interpretar obras dentro do nivel esixido neste curso das diferentes épocas. |

3. CONTIDOS.

A ensinanza do Fagot no Terceiro Curso de Grao Elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos/as os seguintes contidos:

| |
|--|
| 1. Estudo da relaxación e respiración para o desenvolvemento de capacidade pulmonar. |
| 2. Fortalecemento progresivo dos músculos que forman a embocadura. |
| 3. Profundizamento nos exercicios de respiración con e sen instrumento (notas tenidas, controlando a afinación, a calidade do son e a dosificación do aire. |
| 4. Afianzamento da sensibilidade auditiva a través da actividade musical, xa sea como interpretación práctica co instrumento como a escoita de gravacións. |
| 5. Ampliación e continuación na práctica de escalas e intervalos controlando a emisión do aire en diferentes matices e articulacións. |
| 6. Profundizamento no desenvolvemento na emisión do son en relación das diversas dinámicas e alturas. |
| 7. Profundizamento na práctica da flexibilidade en saltos e articulacións ademais da iniciación nos trinos. |
| 8. Desenvolvemento na práctica de conxunto con outros instrumentos para a mellora da afinación, o axuste e a precisión rítmica. |

| | |
|-----|--|
| 9. | Profundizamento na práctica da memoria musical. |
| 10. | Desenvolvemento de técnicas e hábitos eficaces de estudo. |
| 11. | Ampiación do coñecemento das estruturas musicais. |

4. REPERTORIO DE ESTUDO.

4.1. Técnica xeral do instrumento.

Exercicios para o desenvolvemento e fortalecemento da embocadura.

Práctica da relaxación e práctica de exercicios da respiración para aumentar e controlar a capacidade pulmonar.

Adquisición dos xestos básicos de coordinación con outros instrumentos.

Práctica de intervalos, afinación e escalas diatónicas (DOM, FAM, SOLM, SibM, REM, LAM, MibM coas súas relativas menores.).

Práctica da escala cromática de Sibgrave a Sol# agudo aplicando distintas articulacións, ritmos e dinámicas.

4.2. Métodos de estudo.

- **Peter Wastall. Aprende tocando el Fagot.**

Unidades de 17 a 24, coas súas pezas de concerto.

- **Julius Weissenborn. Método Práctico.**

Cap. IX a XII e XIV a XVII.

- **Julius Weissenborn. Método op.8, Vol.1.**

Unidades I(A,B,C y E) e unidade III (de 1 a 6 e da 21 a 24)

4.3. Obras de estudio con Piano.

| AUTOR | OBRA |
|-----------------|---|
| J. Weissenborn | 1. Arioso op.9 nº1 2. Fünf kleine Stücke |
| M. Jacques | Sounds Good! |
| B. Nelly | Zarabanda |
| J. Lambert. | Aria |
| C.Henry Joubert | Cinco piezas fáciles |
| R.Boyle. | Little suite |
| A. Willner | Classical album |

5. AVALIACIÓN.

5.1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACION.

Os Criterios que permitirán a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos/as neste curso son:

| |
|---|
| 1. Interpretar estudos a 1ª Vista. |
| 2. Empregar a medida, afinación, articulación e fraseo de maneira axeitada na interpretación musical. |
| 3. Interpretar, na medida do posible, obras de diferentes estilos, axeitados ó nivel esixido no curso. |
| 4. Profundizar no descubrimento dos rasgos máis importantes a través da escoita de obras. |
| 5. Amosar o progreso individual e aplicar na interpretación musical. |
| 6. Interpretar en público, obras axeitadas ó nivel instrumental do alumno, xa sexa de memoria ou como solista. |
| 7. Amosar a capacidade para tocar ou cantar a súa propia voz ó mesmo tempo que se acopla á de os demais. |

5.2. CRITERIOS MINIMOS DE AVALIACIÓN.

Os alumnos/as de Fagot no Terceiro Curso Grao Elemental deberán amosar a adquisición positiva dos seguintes criterios mínimos de avaliación:

- 1. Interpretar Dos Pezas de Concerto de entre as propostas para este curso seguindo as instrucións acordadas en clase.**
- 2. Estudar ao menos Unha Obra en cada trimestre.**
- 3. Interpretar pezas con outros compañeiros/as (dúos,tríos,cuartetos,etc)demostrando interese e compañerismo seguindo as indicacións acordadas en clase.**
- 4. Presentar o traballo diario semanal proposto cun nivel de estudio aceptable.**
- 5. Tocar de memoria as escalas propostas para o curso tanto as maiores como as menores dentro do rexistro traballado.**
- 6. Comprir co horario das asignaturas e asistir as clases.**
- 7. Amosar atención, interese e respecto ao profesorado e o resto de compañeiros/as.**

CUARTO CURSO.

1. OBXECTIVOS XERAIS.

O Grao Elemental das ensinanzas de música neste Cuarto Curso, contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- | |
|---|
| a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas. |
| b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar e disfrutar a música das diferentes épocas e estilos, e para enriquecer as súas posibilidades de comunicación e de realización persoal. |
| c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son son e da interpretación. |
| d) Encontrar o equilibrio entre a relaxación muscular e o esforzo indispensable que esixe a execución instrumental tendo en conta que o corpo funciona como un todo cun eixe que é a columna vertebral. |
| e) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística. |
| f) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en sí mesmo para vivir a música como medio de comunicación. |
| g) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e adaptarse harmonicamente ó conxunto. |

h) Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

i) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, audición interna e o pensamento musical.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

O ensino do Fagot no Terceiro Curso de grao elemental, terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos/as as seguintes capacidades:

a) Adoitar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favorezca a correcta colocación do instrumento e a coordinación entrámbalas mans.

b) Controlar o aire mediante la respiración diafragmática e os músculos que forman la embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

c) Saber empregar con precisión os reflejos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

d) Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual coma de conxunto.

e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da

| |
|---|
| calidade sonora. |
| f) Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comenzando a empregar o vibrato e os diferentes matices para dar cor e expresión á interpretación musical. |
| c) Coñecer a montaxe e fabricación das lingüetas e poder rebaixalas para o seu correcto funcionamento. |
| d) Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel. |

3. CONTIDOS.

A ensinanza do Fagot no Cuarto Curso de Grao Elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos/as os seguintes contidos:

| |
|---|
| 1. Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar. |
| 2. Fortalecemento dos músculos faciais. |
| 3. Exercicios de respiración con e sen instrumento (notas tidas controlando a afinación , calidade do son e dosificación do aire. |
| 4. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son. |
| 5. Práctica de escalas e intervalos (terceiras, cuartas,..) controlando a emisión do aire en diferentes articulacións. |
| 6. Emisión do son en relación coas diversas dinámicas e alturas. |

| |
|--|
| 7. Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, articulacións, trinos,etc. |
| 8. Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e precisión rítmica. |
| 9. Adestramento permanente e progresivo da memoria. |
| 10. Adquisición de hábitos correctos e eficaces de estudo. |
| 11. Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos. |
| 12. Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis-motivos, temas, periodos, frases, seccións,etc.- para chegar a través diso a uha interpretación consciente e non meramente intuitiva |

4. REPERTORIO DE ESTUDO.

4.1. Técnica xeral do instrumento.

Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.

Estudo da Escala Cromática en diferentes articulacións de Sib a Si sobreagudo.

Práctica de escalas ata seis alteracións, maiores e menores, e exercicios de intervalos de terceiras, cuartas, arpegios e dominantes, legados e picados.

Complicación en canto ó uso de figuras, ritmos e compases.

Práctica do montaxe e raspado das lingüetas.

Traballo da improvisación, axuste rítmico e afinación en grupo.

4.2. Métodos de Estudo.

- **Julius Weissenborn. Método op.8, vol.1.**

Unidades : III. Da 7 á 20. IV: Da 1 á 6. V : 1, 2ª e 2b. VI : Completa.

VII: da 1 á 7.

- **Fernand Obradous. Método de escalas e arpeggios.vol.1.**

Tonalidades de DoM, FaM, SolM, SibM, e ReM coas súas correspondentes menores.

4.3. Obras de estudo con Piano.

| AUTOR | OBRA |
|----------------|-------------------------|
| J. Weissenborn | Arioso e Humoresque. |
| M. Jacques | Sounds Good! |
| W. Boyce. | Moderato en Larghetto |
| M.Rose. | A Miscelany for bassoon |
| CH. Gounod | Marcha de Marioneta |
| A. Willis. | The bronte country |

5. AVALIACIÓN.

5.1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN.

Os Criterios que permitirán a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos/as neste curso son:

| |
|---|
| 1. Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. |
| 2. Memorizar e interpretar textos musicais empreñando a medida, afinación articulación e fraseo adecuados ó seu contido. |
| 3. Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. |
| 4. Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas. |
| 5. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual. |
| 6. Interpretar en público como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. |
| 7. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ó mesmo tempo que se escoita e se adapta ó resto dos instrumentos ou voces. |

5.2. CRITERIOS MINIMOS DE AVALIACIÓN.

Os alumnos/as do Fagot no Cuarto Curso de Grao Elemental deberán amosar a adquisición dos seguintes criterios mínimos de avaliación:

- | |
|---|
| 1. Interpretar en audición pública ao menos <u>Dos Pezas de Concerto</u> de entre as propostas para este curso seguindo as instrucións acordadas en clase. |
| 2. Estudar ao menos Unha Obra en cada trimestre. |
| 3. Interpretar pezas con outros compañeiros/as (dúos, tríos, cuartetos, etc) demostrando interese e compañerismo seguindo as indicacións acordadas en clase. |
| 4. Presentar o traballo diario semanal proposto cun nivel de estudio aceptable. |
| 5. Tocar de memoria as escalas propostas para o curso tanto as maiores como as menores dentro do rexistro traballado. |
| 6. Comprir co horario das asignaturas e asistir as clases. |
| 7. Amosar atención, interese e respecto ao profesorado e o resto de compañeiros/as. |

6. PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO.

GRAO ELEMENTAL.

OBRAS PROPOSTAS PARA O ACCESO ÓS CURSOS 2º, 3º e 4º.

SEGUNDO CURSO.

| AUTOR | OBRA |
|----------------|--|
| J.Burnes | Four Easy Bassoón Pieces: 1. Slow Waltz. 2. Allegro. |
| Rory Boyle. | Little Suite: 1.Prelude |
| Up Front. | Album for Bassoon: Piezas de Bell Ringer e Adam Gorb. |
| Ronald Hanmer. | Bassoon Bagatelles Song without words. |
| Peter Wastall | Pezas de Concerto nº 1 a 8. |
| | |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN. PROBA DE ACCESO.

- Avaliarase a posición corporal adoptada para a interpretación.
- Avaliarase positivamente unha sonoridade clara nas dúas primeiras oitavas.
- Avaliarase unha embocadura correcta.
- Avaliarase o control da respiración diafragmática.
- Avaliarase as capacidades auditivas e rítmicas amosadas.

TERCEIRO CURSO.

| AUTOR | OBRA |
|----------------------|---|
| Rory Boyle | Little Suite : Burlesque e berceuse |
| J. Burness | Four easy bassoon pieces: Romance e Philippas Tune. |
| Claude-Henry Joubert | Cinq Pieces Faciles : Prelude e sarabande. |
| M. Rose | A miscellany for Bassoon: Hornpipe. |
| H.T.Paine | The Happy Hunter. |
| R. Schumann. | The Happy farmer |
| R. Hanmer | Bassoon Bagatelles: Wlaking tune e Postlude. |
| J. Weissenborn. | Fünf Kleine Stücke. Moderato e allegro. |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.PROBA DE ACCESO.

- Avaliarase a posición corporal adoitada co Fagot para a interpretación.
- Avaliarase positivamente unha sonoridade clara nas dúas oitavas primeiras.
- Avaliarase unha embocadura correcta.
- Avaliarase o control da respiración diafragmática.
- Avaliaranse as capacidades auditivas e rítmicas amosadas.

CUARTO CURSO.

| AUTOR | OBRA |
|-----------------|---|
| J. Weissenborn | 1. Arioso op.9 nº1 2. Fünf kleine Stücke |
| M. Jacques | Sounds Good! |
| B. Nelly | Zarabanda |
| J. Lambert. | Aria |
| C.Henry Joubert | Cinco piezas fáciles |
| R.Boyle. | Little suite |
| A. Willner | Classical album |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.PROBA DE ACCESO.

- Avaliarase unha boa embocadura.
- Avaliarase positivamente unha boa sonoridade no rexistro grave, medio e agudo do fagote.
- Avaliarase o control da respiración diafragmática.
- Avaliarase as capacidades auditivas e rítmicas amosadas.
- Avaliarase a capacidade de autocontrol e seguridade na interpretación.

Nota: O alumno/a deberá escoller das propostas **3 obras** para a proba de acceso interpretándoas có correspondente

acompañamento de Piano.

GRAO PROFESIONAL.

1. OBXECTIVOS XERAIS.

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- | |
|--|
| a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos. |
| b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal. |
| c) Analizar e valorar a calidade da música. |
| d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal. |
| e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o goce da música. |
| f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música. |
| g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural. |
| h) Tomar consciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais. |
| i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical. |

Ademáis, as ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado acade as seguintes capacidades:

a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas esixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

PRIMEIRO CURSO.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

A ensinanza do Fagot, no Primeiro Curso dos estudos profesionais de música terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a)** Iniciarse no control auditivo da calidade sonora.
- b)** Iniciarse na interpretación de obras adecuadas e de diversas épocas segundo o nivel esixido neste curso.
- c)** Coñecer de forma teórica e práctica a construción das lingüetas dobres.
- d)** Descubrir en estudos e obras tódolos mecanismos técnicos ó servizo da interpretación(dixitacións, articulacións, fraseo,etc).
- e)** Descubrir as diversas convencións interpretativas dos diferentes estilos e períodos da historia da música.
- f)** Coñecer as distintas técnicas que se poden empregar para o desenvolvemento da memoria.
- g)** Iniciarse na lectura a primeira mediante fragmentos pequenos e de dificultade acorde ós niveis programados.
- h)** Iniciarse na práctica de conxunto en diversas formacións, coñecendo os distintos roles e as técnicas de interpretación.

3. CONTIDOS.

A ensinanza do Fagot no Primeiro Curso contribuirá a desenvolver nos alumnos/as os seguintes contidos:

| |
|---|
| - Estudo progresivo da velocidade co instrumento no rexistro esixido neste curso (sib grave si sobreagudo). |
| - Iniciación práctica no estudo do vibrato |
| - Afondamento na mellora do fraseo musical das obras traballadas, coidando os elementos máis importantes: expresión, dinámicas, carácter, etc. |
| - Estudo do rexistro sobreagudo para este curso. (notas Sib a Do). |
| - Práctica de conxunto con formacións adecuadas neste curso. |
| - Coñecemento de forma progresiva da literatura solista do noso instrumento: concertos solísticos, música sinfónica, etc...adecuados a este curso. |
| - Coñecemento do Contrafagot como instrumento afín: características e dixitacións. |
| -Coñecemento mediante audicións de obras modernas coa partitura diante dentro do nivel deste curso. |
| - Coñecemento do proceso de fabricación das lingüetas. |
| - Utilización progresiva da memoria na interpretación e no estudo. |
| - Afondamento na lectura a primeira vista de forma progresiva. |
| - escoita de obras de diferentes fagotistas valorando as súas versións. |

4. REPERTORIO DE ESTUDO.

PRIMEIRO CURSO G.P:

4.1. Exercicios de técnica.

1. Estudo das diferentes articulacións e tipos de legato e stacatto, adecuándoos segundo as características da época.
2. Exercicios de desenvolvemento do vibrato, prestando atención os tempos lentos.
3. Realización de escalas maiores e menores ,coas diferentes articulacións, como tamén intervalos de 2ª e 3ª, en tódalas tonalidades.
4. Estudo do repertorio orquestral dedicado o fagot.
 - . 5ª Sinfonía de Beethoven.
 - . 40ª Sinfonía de Mozart.
 - . Musica para los Reales Fuegos de Artificio. Haendel.
5. Realización de lingüetas e estudo dos diferentes tipos de raspado.

4.2. Métodos de Estudio.

- **Método de Fagot. Op.8 vol.1 de Julius Weissenborn.**
- **Enseignemen Complet du Basson. Vol 1 Fernand Oubradous.**

Tonalidades de MibM, e LaM coas súas relativas menores.

4.3 Obras de estudio con Piano.

| AUTOR | OBRA | ESTILO |
|--------------|----------------------|-----------|
| Bertoli. | Sonata | BARROCO |
| Boismortier. | Little pieces | BARROCO |
| A. Vivaldi. | Sonata en La menor | BARROCO |
| F.Danzi | Concierto en FaM(I) | CLASICO |
| Ch. Gounod. | March of marionette | ROMÁNTICO |

5. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN PRIMEIRO CURSO.

Con carácter xeral, os criterios de avaliación para o alumnado de Fagot neste Primeiro curso son os seguintes:

1º Controlar e aplicar de forma progresiva o esforzo muscular e a respiración segundo as esixencias interpretativas das obras propostas neste curso.

2º Amosar a adquisición e interiorización progresiva dos aspectos técnicos e musicais das obras e estudos traballados en clase.

3º Adquirir e demostrar de forma progresiva o control auditivo para utilizar a sonoridade do Fagot de forma adecuada tanto na interpretación individual como de conxunto.

4º Aplicar coñecementos musicais e técnicos adquiridos para a interpretación e resolución de problemas interpretativos de obras e estudos.

5º Amosar de forma progresiva soltura no uso da lectura a primeira vista sobre fragmentos e estudos así como capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento de exercicios e melodías sinxelas.

6º Interpretar un repertorio variado e adecuado a este curso tanto solista como de conxunto cun interese musical, técnico e estilístico.

7º Amosar a utilización de forma progresiva da memoria musical para a interpretación de obras sen a partitura diante.

8º Amosar progresivamente a capacidade para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

9º Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de

problemas técnicos e interpretativos surxidos nas obras e estudos propostos no curso.

10º Presentar en público obras para Fagot adecuadas ao nivel persoal demostrando capacidade comunicativa e calidade artística, coidando a posta en escea e o protocolo do concerto.

5.1. CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN.

ALUMNOS/AS DE FAGOT. PRIMEIRO CURSO.

Ademais dos criterios xerais de avaliación nombrados anteriormente, preséntanse a continuación os criterios mínimos esixibles que o alumnado deberá amosar para obter unha calificación positiva neste curso:

- 1. Amosar soltura no uso das tonalidades e intervalos propostos para este curso sobre exercicios e estudos.**
- 2. Interpretar ao menos 1 obra en audición pública ó longo do curso académico có correspondente acompañamento de Piano demostrando a adquisición dos contidos técnicos e musicais traballados en clase.**
- 3. Estudar 1 obra completa para Fagot en cada Trimestre de diferente estilo entre as propostas.**
- 4. Presentar o traballo diario semanal cun nivel de estudo aceptable.**
